


CONCURSO INTERNACIONAL PINTURA RÁPIDA EN MONTERREI

19-09-20



Tlf 988361360

Turismomonterrei@gmail.com



El sonoro nombre de Monterrey repetido en la América conquistada fue de los más ilustres de la nobleza(...). La fortaleza, centro de día de cultura y enseñanza, una acrópolis de hidalguía y letras erigida sobre la próspera llanura, figura mucho en las guerras portuguesas del siglo XVII. (...)

Palabras de D. Ramón Otero Pedrayo.

BASES
CONCURSO INTERNACIONAL DE PINTURA AL AIRE LIBRE EN MONTERREI

Descripción

O 19 de setembro de 2020 celebrarase no entorno da fortaleza de Monterrei o Concurso Internacional de Pintura ó Aire Libre, que organiza o Concello de Monterrei. Este certame realizase no marco da colaboración coa Diputación de Ourense.

1)- Premios

Establécense os seguintes premios:

- Primeiro Premio: 1000 €.
- Segundo Premio: 500 €. (Compra de Obra)
- Terceiro Premio: Escultura do artista Xose Rivada.

(Os premios estarán suxeitos á retención de IRPF que corresponda)

A obra premiada e a compra de obra pasará a ser propiedade da organización, así como o dereito a súa reprodución, exposición ou calquera outro uso que da mesma desee facerse por parte da mesma.

*No momento da publicación destas Bases a organización non descarta a inclusión doutros premios.

2)- Participantes

- Poderán presentarse ó certame artistas maiores de 18 anos profesionais ou afeccionados/as, que presenten a súa solicitude dentro do prazo habilitado polas presentes bases.
- Cada artista poderá participar cun máximo de 2 obras, realizadas o día do certame.

3)- Técnica e Temática

- O tema obrigado será o entorno paisaxístico e monumental da Fortaleza de Monterrei. Con distribución libre, no conxunto, d@s artistas.
- Os estilos e as técnicas serán libres sobre lenzo.

4)- Soporte

A organización entregará a cada participante o soporte en lenzo.

Terá que ser lenzo sobre bastidor ou calquera outro soporte utilizable para a obra. A medida do lenzo, entregado pola organización, será de 65x50.

5)- Inscripción e Información

A data de inscrición será dende a publicación destas bases ata o día 7 de setembro de 2020.

Cada artista formalizará a súa inscrición achegando a folla de participación anexa, unha copia do DNI e terá que enviar 3 imaxes de obra e 1 lixeiro curriculum artístico.

Farase unha selección de artistas que se levará a cabo por membros da organización asesorados por xente do mundo da arte contemporánea.

O envío das inscricións efectuarase á Oficina de Turismo de Monterrei con dirección postal Paseo das Damas s/n (32618) de Monterrei (Ourense) ou vía mail a: turismomonterrei@gmail.com, con teléfono de información 988361360.

Esta inscrición quedará validada unha vez a mesma sexa entregada ou enviada.

A organización comunicará o 9 de setembro de 2020, os participantes seleccionados para a súa participación no concurso e establecerase unha listaxe de agarda para posibles vacantes nesta primeira selección de participantes. Os artistas seleccionados contarán con 2 días, ata o 11 de setembro, para confirmación da súa participación, cubríndose as posibles vacantes coa lista de agarda.

6)- *Presentación e tempos de concurso*

As persoas participantes seleccionadas presentaranse o 19 de setembro de 2020 a partires das 10.00hrs. e ata las 10.30hrs, no punto de control instalado na oficina de turismo de Monterrei para o selado dos soportes e entrega dunha acreditación para a posterior entrega da comida ós participantes no concurso.

O tempo de actividade será entre as 10:00hrs. e as 13:30hrs, pola mañá. Depositando nese momento a obra no punto de control.

Entre as 14:00 e as 16:00 haberá unha comida para os participantes ofrecida pola organización.

A actividade artística final extenderase entre as 16:00hrs. e as 19:30hrs.

7)- *Entrega de obras e decisión do xurado.*

Os participantes darán por finalizado o concurso ás 19:30 horas. Solicitase, para facilitar a decisión, en canto a visibilidade da obra, do xurado, que cada participante preste o seu soporte para o momento de deliberación, devolvéndose ó finaliza-lo concurso.

O xurado dará a decisión ás 20:00 do mesmo día no Patio de Armas do castelo de Monterrei.

8)- *Xurado*

O xurado estará composto por persoas cualificadas e profesionis do mundo artístico e a súa decisión será inapelable. O xurado poderá declarar deserto o premio se non alcanzan as obras unha calidade suficiente a seu criterio.

9)- *Obras*

As obras presentaranse sen firma. (O soporte entregado levará un código de inscrición que corresponderá a cada participante).

10)- *Fecha y lugar de exposición*

A exposición de tódalas obras participantes iniciarase no mes posterior á data do certame en horario de funcionamento do Hospital de Peregrinos, localizado na Acrópole de Monterrei.

As persoas participantes interesadas establecerán un prezo de venda para as obras non premiadas con obxeto de que podan ser adquiridas polos visitantes.

Os participantes poderán utilizar a sala como lugar para expor a súa colección de obras, seguindo o calendario de exposicións previsto pola organización da mesma.

11)- *Organización*

A organización non se responsabiliza das perdas ou danos que pudieran sufrir as obras, que estarán cuidadas e protexidas en todo momento.

A firma da solicitude de participación supón unha declaración de coñecemento das Bases e compromiso de cumprimento das mesmas. A solicitude, deberá vir cunha copia do D.N.I. da persoa solicitante.

Os datos e a información incluída nas solicitudes serán tratados de conformidade co establecido na lexislación vixente en materia de protección e tratamento de datos persoais (Ley orgánica la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, y su normativa de desarrollo).

12)- Devolución de obras non premiadas:

As obras non premiadas poderán retirarse unha vez finalizada exposición, sempre previa solicitude e concertando unha cita no 988361360. Para isto o/a creador/a mostrará unha identificación persoal e firmará a orden de retirada da obra a través de instancia. Os autores poderán delega- la recollida en outra persoa que deberá estar autorizada por escrito, e acompañar á mesma copia del DNI ou pasaporte da persoa que creou a obra, e orixinal da persoa á que se autoriza para retira-la mesma.

No caso de no ser retiradas as mesmas no prazo indicado, pasarán a ser propiedade do Concello de Monterrei, en aplicación do artigo 609 do Código Civil e preceptos concordantes, ó ter mediado título de adquisición, por aceptación das bases polas persoas participantes, e haberse perfeccionado no modo a través da traditio ou entrega do ben polos autores/as.

NOTAS:

- Si o día previsto non fose posible a celebración por causas meteorolóxicas, a organización determinará outra data que será comunicada a tódolos participantes mediante publicación da noticia ós medios necesarios.*
- A organización reservase o dereito a modificar ou ampliar cualquera dos puntos destas bases, así como a resolve-las circunstancias non contempladas que durante o desenrolo da actividade se teñan producido.*

CONCURSO INTERNACIONAL DE PINTURA AL AIRE LIBRE EN MONTERREI

Número de inscripción:

FICHA DE INSCRIPCIÓN.

Nome:

Apellidos:

DNI:

ENDEREZO:

CP:

Poboación:

Provincia:

Teléfono:

e- mail:

Firma* y data: __ de _____ de 202__

*(Si se fai a inscripción vía mail firmarás o día do certame).

A participación neste certamen implica a aceptación das bases do mesmo.

